

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 31 DE XANEIRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta e un de Xaneiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte (ausente), Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 23 de Xaneiro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

“Vista a solicitude de **don Eduvigis González Pernas**, de data 15.12.05, con domicilio na Praza Alfonso Alcaraz, 10-2ºD, Ourense, na que interesa calificación urbanística da finca sita na Estrada Carballiño, do lugar de Santo André, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 23.01.06, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

- 1. Solicítanse Condicións Urbanísticas aplicables a unha finca sita na Estrada de Valdepereira a Gomariz.*

1.1 A documentación gráfica corresponde a unha copia do plan oficial da delimitación do Núcleo de San Andrés E 1: 5.000, sinalando con marcador fluorescente a ubicación.

1.2 Xirada visita, comprobo se trata dunha vivenda unifamiliar de B+I e Baixo Cuberta.

1.2.1 *Apreciándose que a vivenda unifamiliar orixinal foi ampliada en sucesivas etapas.*

1.2.2 *A vivenda unifamiliar consta de B+I e baixo cuberta con luz e ventilación mediante galápago situado en faldón de cuberta así como balcóns cubertos descubertos e terraza.*

2. *A ubicación corresponde a Solo de N.R., Núcleo Rural, regulado por os Art. 24 e seguintes da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de “Ordenación Urbanística e Protección del Medio Rural de Galicia” modificada por a Lei 15/2004, de 29 de decembro LOUGA e disposicións concorrentes.*

3. *Ao existir na parcela de referencia unha vivenda unifamiliar e construcións auxiliares na súa parte posterior, esta particular situación condicionanos a obrigação de ter que xustificar ante calquera posible actuación a situación urbanística respecto ao previsto no Art. 103 e 104 así como concorrentes da LOUGA.*

4. *Axúntase co presente informe.*

4.1 *Plano Parcelario.*

4.2 *Fotografías del estado actual do inmovible nº 110, en vistas desde a vía pública.”*

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras e o número de expediente. Adoptaranse as medidas de seguridade que correspondan.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 02/05/2005/2335-SC/170.

A JOSE DAVID GONZÁLEZ TABOADA, con D.N.I. 76.706.348-Z e con domicilio na rúa Oslo, nº 41-5ºD, Alcorcón (Madrid), para levar a cabo as obras de construción de muro de contención en A Grova, N-120, nº 47, Ribadavia, que se realizarán segundo o proxecto básico e de execución para a construción dun muro de contención en A Grova redactado polo arquitecto don José Benito Dávila Fuertes, con visado do Colexio de Arquitecto de Galiza de data 11 de agosto de 2005.

2.- Condicións particulares:

Clasificación do solo: A vivenda unifamiliar e parcela corresponden a solo clasificado como de N.R. do Núcleo da Grova.

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: construción de muro de contención.

Contía na que se orzan as obras: 9.647,87 euros.

Situación e emprazamento das obras: A Grova, N-120, nº 47 (Ribadavia).

Redactor do Proxecto e dirección técnica: D. José Benito Dávila Fuertes.

Nome ou razón social do promotor: José David González Taboada.

Prazos: os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses. Deberá respectarse o prazo de vixencia da autorización concedida polo Ministerio de Fomento.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que o interesado aboa o día 02.05.05 a contía de 42 euros en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras, e visto o orzamento da obra, que ascende a 9.647,87 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación complementaria aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a

208,84 euros. A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor.

Outras condicións: As obras executaranse segundo a documentación técnica aportada baixo a dirección técnica que consta no expediente administrativo. As obras executaranse con suxeición as condicións fixadas na autorización do Ministerio de Fomento (Expediente núm. 2005/330). Previo inicio das mesmas deberase cumprir a condición QUINTA das condicións “VARIAS” do Ministerio de Fomento.

DENEGACIÓN LICENZA.-

“Vista a solicitude de **dona Olivia Rodríguez Deaño**, de data 09.01.06, con domicilio en Estrada Filgueira, nº 88, Francelos (Ribadavia), na que interesa a concesión de licenza para realizar un desterre no terreo sito en Formigueira, nº 9, Francelos (Ribadavia).

Visto o informe técnico de data 23.01.06, no que se sinala o seguinte:

1. Os terreos sobre os que se pretende realizar o desterre, están clasificados segundo as Normas Subsidiarias Municipais, como SUB(P/UM), S-F2/N.P. Solo Urbanizable.
2. O desterre, corresponde a movementos de terras e é un acto suxeito a licenza, segundo prevé o Art. 10 do R.D.U. Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro, en concorrencia co Art. 194-2 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza (LOUGA).
3. O Solo Urbanizable, está regulado por a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada por a Lei 15/2004, de 29 de decembro.
 - a. Son de aplicación os Artigos 14,24,22,23,83,86 e 14 da LOUGA.
 - b. Segundo o Art. 21º “Réxime do Solo Urbanizable” “Os propietarios de solo clasificado como urbanizable, terán dereito a usar, disfrutar e dispoñer dos terreos da súa propiedade de acordo coa natureza rústica dos mesmos debendo destinalos a fines agrícolas, forestais, gandeiros ou similares”.
4. Segundo o previsto na LOUGA, non é posible acceder ao solicitado por Dª Oliva Rodríguez Deaño.
5. Axúntase co presente informe:
 - a. Art. 21 da LOUGA.
 - b. Plano E.D. Travesía de Francelos, E 1:500
 - c. Plano NNSSM, E 1: 2000.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda **denegar a licenza para desterre solicitada por dona Olivia Rodríguez Deaño** en base ao informe técnico de data 23.01.06 e a normativa urbanística que no mesmo se recolle.”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN.-

“Visto o recurso de reposición presentado por **don Claudio Antonio Martínez Cañizo**, con domicilio na Estrada Nacional 120, nº 3 Portal 1º-1ºC, desta vila, no que sinala que recibida notificación do acordo da Xunta de Goberno Local no que se lle denega a axuda económica para libros de texto para os seus fillos Hugo e Thais Martínez Travieso, en base a que a unidade familiar percibe ingresos superiores ao baremo establecido para a concesión destas axudas, expón que tendo en conta que os seus ingresos familiares se derivan exclusivamente da súa nómina, na que se inclúe non solo o salario senón tamén as dietas, transporte etc cantidades exceptuadas do gravame do IRPF, solicita se revise o expediente pois descontando as cantidades anexas ao salario os seus ingresos non sobrepasarían o baremo establecido.

Visto o informe do Sr. Interventor de data 24.01.06, no que se sinala que analizada pormenorizadamente a documentación presentada polo solicitante e en concreto a súa nómina, dedúcese que a mesma ascende a cantidade de 777,84 euros/mes, xa que a cantidade restante é en conceptos non salariais (dietas de viaxe, plus de transporte, etc.), resultando un total de 9.286,08 euros, polo tanto, tendo en conta que ten dous fillos, a cantidade anual non supera o establecido no baremo (12.490 euros), polo que procede a concesión da axuda.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do Interventor, e da documentación obrante no expediente, acorda:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por don Claudio Antonio Martínez Cañizo.

Segundo.- **CONCEDER**, de acordo coas bases das axudas para LIBROS do curso 2005/2006 aprobadas na Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2005, as subvencións nas contías e as persoas que de seguido se relacionan:

<u>NOME DO CABEZA DE FAMILIA</u>	<u>D.N.I</u>	<u>NOME FILLO/A</u>	<u>CONTIA</u>
MARTÍNEZ CAIÑO, CLAUDIO ANTONIO	44.459.249-L	MARTÍNEZ TRAVIESO,THAIS	30 €
MARTÍNEZ CAIÑO, CLAUDIO ANTONIO	44.459.249-L	MARTÍNEZ TRAVIESO,HUGO	90€

Terceiro.- **NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados co réxime de recursos que proceda.”

CEMITERIOS.-

“Visto o escrito presentado por **dona Laura Travieso Lorenzo**, con domicilio en Laxas, nº 17, Francelos, Ribadavia, de data 25.01.06, no que solicita o cambio do nome nos recibos por existir un erro no nome, axuntando informe do encargado do cemiterio ao respecto.

Visto o informe do encargado do cemiterio, de 20.01.06, no que se sinala que facendo as comprobacións oportuna comprobouse que existe un erro, polo que debe procederse o cambio do nome no recibo do prezo público pola sepultura terrea nº 50, que

pasaría de Josefa Alonso Rodríguez a Josefa Lorenzo Alonso, sendo os lindantes Manuel Travieso, a súa esquerda mirando de fronte, e Carmen Casanovas Blanco, a súa dereita.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, acorda acceder ao cambio solicitado en base ao informe do encargado do cemiterio municipal, corrixindo o erro existente no recibo do prezo público da sepultura terrea nº 50, que pasaría de Josefa Alonso Rodríguez a Josefa Lorenzo Alonso.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Sala do Contencioso administrativo, Sección Segunda, A Coruña, de data 20.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.01.06, polo que se achega Sentenza recaída no recurso núm. 02/0004511/2001, interposto por don Segundo Alvarado Blanco contra á desestimación por silencio da reclamación de pagamento de honorarios polo proxecto de reposición dos servizos afectados pola autovía Rías Baixas ao seu paso por Ribadavia, que presentara o día 30.11.2000 no Concello de Ribadavia, sendo o fallo da mesma a estimación do recurso, condenando ao Concello ao pagamento da cantidade de 1.519.068 ptas. (equivalente en euros) mailos xuros percibidos.”

“Escrito da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais), de data 25.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 30.01.06, polo que, co obxecto de que todos os centros de servizos sociais de que é titular este Concello contén co permiso de inicio de actividades para o seu funcionamento, tal é como se establece no artigo 20 do Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, se achega asesoramento escrito sobre a tramitación do preceptivo permiso.”

5.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2006, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

NOME EMPRESA	Nº FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE EUROS
CULTURE BIT S.L.L. , CIF: B32312944, por investigación e desenvolvemento da planimetría histórica de Ribadavia e dixitalización. Creación de base de datos, análises de conceptos físicos e históricos que inflúen na reconstrución dixital do conxunto histórico para o PAGUS. Cidades históricas dixitais, compoñente 4, Acción C	0600002	10/01/2006	9.000

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.